

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE EDUCACIÓN,
BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E
PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE DATA 13 DE FEBREIRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trece de febreiro de dous mil oito, reúnense en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que están presentes os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; e don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

1º Proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes de modificación, por erro material, da achega provincial para a execución do proxecto de obra do campo de herba artificial da Barcala

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes de data 7 de febreiro de 2008, na que se fai constar que se detectou un erro material no cálculo

do importe correspondente á achega provincial que figuraba no punto primeiro do acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión extraordinaria de data 29 de xaneiro de 2008, respecto da proposta para participar na segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, da Deputación Provincial da Coruña.

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Modificar o punto primeiro do acordo adoptado no pleno do día 29 de xaneiro de 2008, relativo á participación do Concello de Cambre na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, que quedará redactado do seguinte teor literal:

“Primeiro: Participar na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

Denominación: Proxecto de obra de campo de herba artificial da Barcala.

Orzamento: 398.335,33 €

Achega municipal: 59.750,30 €

Achega provincial: 338.585,03 €”

2º Proposta de cualificación como ben patrimonial dun terreo cedido ao Concello de Cambre para a ampliación do CEIP do Graxal II

Solicítase a palabra pola secretaria da corporación e infórmase aos Sres. concelleiros que, como puideron comprobar pola documentación obrante no expediente, a mediados da semana pasada entregouse no Departamento de Secretaría o proxecto de convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cambre, para a ampliación do CEIP do Graxal II, xunto coa escritura outorgada o 1 de febreiro actual perante o notario don Francisco Javier Pérez- Taberneiro pola que o concello adquire un soar na rúa Curros Enríquez, dunha superficie de 3.542 m².

Á vista da cláusula segunda do citado convenio, onde se establece que “O Concello de Cambre pon á disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria libre de cargas e gravames, sen reserva ningunha, o soar descrito”, e segundo se fai constar no informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, de data 8 de febreiro actual,

co visto e praxe de Secretaría, incoouse expediente de cesión gratuíta do citado soar, para o que resulta necesario a súa previa cualificación como ben patrimonial. Neste sentido redactouse a proposta conxunta do concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes e do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 8 de febreiro, convocándose a comisión informativa e o pleno dado que, segundo comunicación da consellería urxe aprobar o convenio para encargar a redacción do correspondente proxecto de obras.

No día de onte, polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, que levou as xestións do convenio urbanístico correspondente e cesión dos terreos pola propiedade ao concello, así como as xestións coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, infórmase á secretaria que a consellería só require que se efectúe a cesión dos terreos para ampliar o colexio, é dicir, que se lle autorice a executar as obras no terreo, pero non require que se traslade a propiedade dos terreos, que seguirán sendo propiedade do concello.

Posta en contacto no día de hoxe cos responsables da tramitación deste expediente na consellería, confirmase que coa redacción da cláusula segunda do convenio o que se pretende é a posta a disposición do terreo sen que a propiedade se traslade á consellería, a titularidade do terreo seguirá sendo do concello, aínda que estea afectado aos fins da consellería.

Á vista do exposto, non é necesario levar a cabo a cualificación como ben patrimonial da finca de referencia, polo tanto, non procede adoptar o acordo que figura na proposta do informe xurídico e na proposta dos concelleiros delegados de área, sendo suficiente a aprobación do convenio de colaboración, coa modificación no modelo de certificación de acordo do pleno que figura como Anexo I, co fin de deixar constancia nel de que o Concello de Cambre mantén a propiedade do terreo.

Conclúese dicindo que, dado que segundo se manifesta polos responsables da consellería, urxe que o acordo se remita á maior brevidade posible, e por iso se incluíu na orde do día deste pleno, se o estiman oportuno, pode celebrarse outro pleno con carácter de extraordinario e urxente unha vez finalizada a sesión do convocado para hoxe, e incluír como único punto a aprobación do convenio.

Aberto debate, don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PG), expón que, aínda que na escritura formalizada o 1 de febreiro do ano que andamos se fai constar que a entidade mercantil “Comercio, Transportes y Auxiliares, S.L.”, cede a título gratuíto o terreo ao concello, non hai tal cesión gratuíta, pois cédese o terreo en virtude dun convenio urbanístico segundo o cal, tal e como está asinado, se dentro de catro anos non está aprobado o Plan xeral, hai que indemnizar á familia, e, ademais, segundo o convenio, o edificio que poden

construír está en zona verde. Por iso, segue dicindo, o terreo que se cede ao concello non é de forma gratuíta, e supón prexudicar aos nenos que van a ter ao lado do colexio un edificio de sete plantas dando sombra, e despois, falan de humanizar o Graxal dicindo que van recuperar zonas de lecer. Conclúe dicindo que o que se debe facer é pagar agora o terreo e non hipotecar á corporación que estea aquí dentro de catro anos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo prefire que quede o asunto pendente para o vindeiro pleno ordinario, pois é verdade que hai un ano ou ano e medio asinouse por parte da Fegamp o paso gradual do mantemento dos colexios de educación infantil e primaria á consellería. Incluso, engade, pódese aprobar o convenio pero coa previsión de que pase a ser obriga da consellería.

Pregunta por que, se o requirimento dos terreos se fai pola consellería segundo escrito rexistrado no concello o 20 de xullo, se tardou tanto en traelo a pleno.

Conclúe recordando que o seu grupo manifestou, hai máis dun ano, que o que se debía facer coa parcela era adquirila mediante expropiación, e non mediante convenio, polo que prefiren deixar este asunto para o pleno ordinario.

O Sr. presidente, don Jaime Manuel López Lisnier, aclara que, aínda que o escrito da consellería entrou no concello en xullo, os propietarios dos terreos, antes de formalizar a escritura de cesión, necesitaron aclarar cuestións de propiedade, eran tres soares que tiñan que agrupar nun, e esa foi a razón do atraso.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é certo, pero o terreo que se cede xa estaba cualificado nas Normas subsidiarias de planeamento como de equipamento educativo e podía terse expropiado e estar pagado hai tempo, pero é unha práctica habitual deste goberno mirar máis polos intereses particulares, aínda que poidan ser lexítimos, que polos intereses xerais, e isto non lles parece normal.

Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, pregunta ao Sr. Marante se o convenio ao que se refería antes estaba asinado xa polo anterior goberno.

Don Manuel Marante Gómez contesta que se asinou o 10 de maio e el xa non estaba no goberno.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que do que se trata é de non prexudicar aos estudantes, e aquí do que se fala agora é da parcela para ampliar o colexio e o asunto xa está resolto, gústelles ou non. Non ten nada que ver o convenio formalizado coa cesión do terreo, e se agora se vota que non, non se fará o colexio e si o edificio.

Don Manuel Marante Gómez contesta que o que está dicindo é que se pague a parcela agora, non que se faga unha cesión gratuíta segundo consta na escritura, pois non é unha cesión gratuíta, hai un convenio urbanístico no que consta que, se en catro anos non se aprobou o Plan xeral, hai que pagar a parcela, e el o que pide é que se pague agora a parcela.

Segue dicindo que o Sr. alcalde sabía, non hai seis meses nin oito, senón máis, que se necesitaba o colexio, polo que se podería ter pagado xa a parcela e non permitir que se faga alí un edificio de sete plantas. Lembra a este respecto, que a través dun convenio cos Castros do Bosque adquiriuse unha parcela en Altamira para un parque. Está de acordo en que se pague a parcela, pero non supeditar a adquisición a que se faga ao lado un edificio de sete plantas. Que se amplíe o colexio, pero non así, buscar outras solucións, non só a de pagar, senón tamén, por exemplo, dar aos propietarios a edificabilidade do outro lado da Costa da Tapia.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que o que non ten sentido é falar de dous temas distintos. Pode denunciar o convenio, se quere, pero, por outra parte, a parcela xa está cedida ao concello. O convenio é pasado, e se se entra así nos temas o que se fai é prexudicar aos veciños.

Don Manuel Marante Gómez replica que o deberían ter falado hai tempo. Pediu o 9 de xaneiro mediante o rexistro de entrada, que se lle faciliten os convenios para poder falar do Plan xeral, e este convenio viuno onte, non antes, e si está unido un tema co outro. Non quere causar prexuízo aos nenos, por iso pide que se pague agora a parcela.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, expón que o seu grupo non se vai opoñer. A ampliación do colexio é unha necesidade que está aí e, ademais, cre que o convenio contaba co informe favorable do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, expón que o seu grupo descoñece este tema, polo que propoñen que se deixe o asunto para outro pleno. Consideran, ademais, que hai que revisar o convenio urbanístico.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que a política non se fai a golpe de informes técnicos favorables ou negativos, hai unha marxe de manobra, e o tipo de cidade que se pretende pode non ser ilegal, pero hai casos que son aberrantes, e o que queren facer algúns é que ese agasallo envelenado leve á corporación, dentro de catro anos, a que se leve as mans á cabeza pois terase un colexio sumido na sombra permanente, e o que hai que facer

é pagalo agora, pois no ano 1994 xa se cualificou o terreo de equipamento. Conclúe dicindo que non só son os informes favorables os que teñen que facer política.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta a don José Venancio Salcines se coñece o importe económico dos convenios urbanísticos que hai formalizados.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que non.

Don Nicolás José Cubeiro responde que están falando de millóns de euros a dous e catro anos, e debería coñecelo pois é o concelleiro de Facenda.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que ten razón, pero é unha obstinación estar falando de temas urbanísticos cando neste momento se está na Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, contesta a don José Venancio Salcines Cristal que o urbanismo está supeditando moitas cousas, e que todo está ligado ao urbanismo pola mala xestión que se está a levar a cabo, e seguirase falando de urbanismo cando se traten temas de educación, cultura, etc.

O Sr. presidente dá por concluído o debate e propón deixar o asunto para que sexa tratado no vindeiro pleno ordinario, proposta que é aprobada por unanimidade dos concelleiros que compoñen a comisión.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Jaime Manuel López Lisnier

M^a Luisa de la Red Ampudia